



Xornada etnográfica e de lecer no Alto Ulla

O sábado **20 de novembro** ADEGA e o Foro do Camiño Primitivo organizan unha XORNADA ETNOGRÁFICA NO ALTO ULLA, dedicada a recuperar un treito do Camiño Primitivo que foi desviado da súa traza histórica no Concello de Toques e a gozar dunha tarde de lecer que rematará nun magosto na Eira da Xoana, para cumprir co fermoso ritual gastronómico de agasallármonos cunha boa castañada.

-RECUPERACIÓN dun treito do Camiño Primitivo en Toques.

-ROTEIRO pola Vía Primitiva no Marco do Careón.

-MAGOSTO na Eira da Xoana.

PROGRAMA

Sábado, 20 novembro

11.00 h. Recibimento dos participantes na “Praza do convento” de Melide e saída cara o lugar dos traballos, na parroquia de Vilamor (Toques).

Tarefas: desbroce, limpeza da calzada, eliminación de atrancos da calzada, pequenas podas, sinalización do itinerario clásico con frechas amarelas, colocación de rótulos informativos.

14.00 h. Xantar: cadaquén pode levar o seu xantar ou comer na Taberna “O Carburo” de Vilamor, ao pé do Camiño Primitivo.

15.00 h. Visita á “Aula da Natureza” de Souto.

15.30 h. Roteiro polo Camiño Primitivo até o Marco do Careón, no límite da “dorsal galega” entre Toques e Palas de Rei.

17.00 h. Trasladámonos á Eira da Xoana (Ramil-Agolada), onde celebraremos o magosto con castañas, empadas e queixo da zona, rematando con actuacións musicais xa pola noite.

NOTAS.- * Traer calzado axeitado, ganas de traballar, camiñar e farrear. Quen poida que traia tamén unha fouce. E quen queira pode traer tamén o seu instrumento musical e... non vos preocupedes polo bo humor: pómolos entre todas e todos.


*Aportación solidaria para o Magosto: 5 € (socios: 3 €).

PARA PARTICIPAR EN CALQUERA DAS ACTIVIDADES CHAMAR ANTES DO XOVES 18 AO: 638475322, ou 982240299.

Organizan:

ADEGA e Foro do Camiño primitivo

DESVÍO DA TRAZA HISTÓRICA DO CAMIÑO PRIMITIVO EN TOQUES



LOCALIZACIÓN DA EIRA DA XOANA CON RESPECTO AO PASO DO CAMIÑO PRIMITIVO POR TOQUES



A EIRA DA XOANA (RAMIL-AGOLADA)

